

BRÉTEMAS

NOTAS DO TRABALLO DE EDICIÓN

10.6.07

"Cardume" de Rexina Vega



Cardume de Rexina Vega foi a novela gañadora do Premio Xerais 2007. O texto da información que preparamos foi o que reproducimos:

Cardume presenta a historia familiar e persoal dos sobrevivintes a un tempo caótico, doloroso e triste; a un tempo aberto polo eclipse da República e dos seus ideais. A xuízo do xurado do Premio Xerais, faino dunha maneira

certeira e sen vitimismo. A novela retrata un Vigo industrial e atlántico, simultaneamente cosmopolita e provinciano, que é crisol de personaxes que evolucionan, que se relacionan e que medran, e que, en definitiva, logran subsistir ás miserias dunha cidade desacougante.

A narradora comeza a relatarnos a historia no espazo murcho e desalentador do cemiterio civil de Pereiró, partindo do presente para evocar a memoria familiar. Dese xeito logra a caracterización dun período de tempo moi longo que retrata boa parte do século XX a través de varias xeracións, sorprendéndonos coa recreación de atmosferas políticas, familiares, industriais, culturais, e retratos da emigración daquela época convulsa que deixou unha pegada imborrable nas persoas que a viviron.

O xurado resaltou tamén “a capacidade expresiva da novela a través dunha lingua poética e metafórica que evidencia unha clara vontade estilística”. *Cardume* reivindica a memoria, a insistencia na memoria como conformación da identidade do presente. “Eu só quixera prolongar un pouco máis a permanencia, atrasar o devalo destas vidas menores”, afirma a voz narradora da novela.

Rexina Vega, cando soubo que a súa obra fora premiada, declarou que “esta é unha primeira novela, una primeira novela serodia, que chega cando xa vai fóra a mocidade. Este libro está escrito mentres os nenos, os meus nenos,

QUEM SOU EU



MANUEL BRAGADO
RODRÍGUEZ
VIGO, GALICIA, SPAIN

[VISUALIZAR MEU PERFIL
COMPLETO](#)

ACHEGAS ÚLTIMAS

[Premios Xerais: a colleita 2007](#)

[A Coca rende](#)

[Corina Porro e o BNG](#)

[A vida despois do Xerais](#)

[Teresa Moure e Xabier Blanco nos
Premios Xerais 20...](#)

[Updike, o adianto de "Terrorista"](#)

[Retrato de muller](#)

[Lectura e escola](#)

[Updike, por vez primeira en galego](#)

[Suso de Toro en Bos Aires](#)



Esta obra está baixo unha licenza
Recoñecemento-NonComercial-
CompartirIgual 2.5 España de
Creative Commons.



Visitantes 162.887
Visit. hoy 2

dormían. Desde que teño uso de razón quixen ser escritora e tardei moito, tanto que crin que ese desexo ía apodrecerme dentro. Quixen probarme por fin na escritura de ficción, liberarme das trabas da eséxe, do saber institucional ao que estaba afeita na escritura da crítica e do ensaio, e deixei, por primeira vez, que a escritura fose algo libre e gozoso, un discurso non vicario”.

Con respecto a novela gañadora definiu *Cardume*, banco de peixes, como “un álbum de recordos novelados, un libro feito de memoria e de reescritura da memoria. Combinando información e invención, a novela pretende establecer unha autobiografía a través da reconstrución de persoaxes aos que só se coñece por medio dos relatos familiares. Trátase da busca de sentido á propia vida a través da recuperación dos fantasmas do pasado; e tamén da historia da transmisión da memoria dos vellos aos novos, da relación desesperada e urxente entre a vellez e a infancia”.

Rexina Vega é doutora en Filoloxía Románica coa tese *Bilingüismo e autotradución en Álvaro Cunqueiro*. Sobre este autor ten publicados numerosos artigos e estudos, entre os que salienta *Álvaro Cunqueiro. Unha poética da recreación*, premio Carballo Calero de investigación. Durante os anos noventa exerceu a docencia na área de filoloxía galego-portuguesa na Universitat Autònoma de Barcelona. Desde este ámbito desenvolveu unha intensa actividade de divulgación da cultura galega na sociedade catalá. Exerceu a crítica teatral na revista *El Público* e a crítica literaria para, entre outras publicacións, *Quimera*, *Anuario de Estudos Galegos*, *Grial* ou *A Nosa Terra*. Dentro do eido da lexicografía, ademais da publicación de artigos teóricos no Instituto Cervantes e en actas universitarias, traballou como redactora de numerosos dicionarios bilingües da editorial ...blogspot.com/.../cardume-de-rexina-ve...

04/12/2009

Brétemas: "Cardume" de Rexina Vega

Larousse e no *Diccionario Vox galego-castelán*. É premio Sthendal, e finalista do premio nacional de tradución, pola obra de Georges Perec *El secuestro*. Responsabilizouse da edición dos artigos ensaísticos de Suso de Toro publicados por Xerais baixo o título *Ten que doer. Literatura e identidade*. Actualmente é Profesora asociada do departamento de lingua española na Universidade de Vigo e profesora de lingua e literatura galega no Instituto San Tomé da mesma cidade. *Cardume* é a primeira incursión na creación literaria desta autora.

Vídeo: O blog dos pelachos.

Etiquetas: Premios_Xerais_2007

Marcadores: Autores, Narrativa, Premios, Vídeos, Xerais

POSTED BY BRÉTEMAS AT 10.6.07 

0 COMMENTS:

POSTAR UM COMENTÁRIO

<< Home